(PD) Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas?

(PD) Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas?
(PD) Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
(PD) Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
(PD) As medidas de apoio, reforzo establécense vinculadas aos estándares?
(PD) Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación?

Descrición:

Atendendo ao momento 8 do Artigo 13 de do Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan os ensinados do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, o profesorado debe analizar tanto a aprendizaxe do alumnado como os procesos de aprendizaxe e a súa práctica docente, así como a programación.

(PE) PROCESO DE ENSEÑANZA
(PD) PRÁCTICA DOCENTE

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento. Unha vez analizados os resultados do curso pasado debemos revisar os criterios de avaliación para confirmar que se adaptan ás recomendacións pedagóxicas.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

Non debemos esquecer que a nosa programación debe poder ser consultada polo alumnado e, especialmente, os criterios de avaliación deberán estar accesíbeis na aula virtual.

Diseñáronse unidades didácticas a partir dos elementos do currículo?
 Se secuenciaron as unidades didácticas/temas/proxectos?
 A programación responde á secuenciación e temporalización?
 Engadiuse algún contido non previsto á programación?
 Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
 Se secuenciaron os estándares para cada unha das unidades/temas?
 Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
 Asignouse a cada estándar o peso correspondente en cualificación?
 Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

Asociouse con cada estándar os temas transversais?
Fixouse unha estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
Establécese a secuencia habitual de traballo na aula?
Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
A bibliografía e webgrafía é de fácil manipulación para o alumnado?
Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua?
Establecéronse criterios para a recuperación da materia?
Fixáronse criterios para a avaliación final?
Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
Definíronse programas de apoio, recuperación vinculados aos estándares?
Se levaron a cabo medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
Se levaron a cabo actividades complementarias e extraescolares previstas?
Informouse as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
Informouse as familias sobre criterios de promoción?
Seguíuse a programación ao longo do curso?
Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	Lugo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	3º ESO	2	70

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento do alumnado. Nela foméntase a imaxinación, a exploración, a capacidade de xerar diferentes solucións e o traballo individual e en grupo .

Esta materia forma parte da etapa obrigatoria polo que se imparte en todos os centros de Secundaria de Galicia. Dá continuidade á educación artística recibida en primeiro da ESO e lles permite seguir afondando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor e poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

Estúdanse e créanse diferentes imaxes: figurativas ou abstractas, fixas ou en movemento, bidimensionais ou tridimensionais e foméntase a experimentación en diversos medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas tradicionais (técnicas húmidas ou secas) así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. A materia ten un enfoque eminentemente práctico. A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. A materia ten un enfoque eminentemente práctico. Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural», o segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», estuda o punto, a liña, o plano e a textura e as súas posibilidades expresivas e comunicativas. O terceiro bloque, «Exposición gráfica-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende as técnicas secas e húmidas en obras bidimensionais e tridimensionais, unha introdución aos sistemas de representación máis importantes e as etapas do proceso creativo. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» introduce contidos relacionados coa fotografía, o comic e a animación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidad transversal. Historia da arte	Os distintos xéneros artísticos e as manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.	5	4	X	X	X
2	A xeometría plana	Preténdese que o alumno considere o debuxo xeométrico como un vehículo de expresión útil e necesario nos campos de creación máis diversos. O alumnado penetrarase na construción de polígonos dado o radio e o lado.	13	10	X		
3	A percepción visual. Principios perceptivos.	Introdución aos principios perceptivos, elementos e factores.	10	6	X		
4	Os elementos básicos gráfico-plásticos.	Esta unidade pretende consolidar os coñecementos previos do alumno e, por outra, se amplían e enriquecen. Trátase de coñecer as posibilidades expresivas do punto, a liña e a textura.	10	6		X	
5	A composición	A composición é un proceso fundamental da creación artística que o alumno ten que conceptualizar, xa que é indispensable en dous sentidos: como ferramenta de análise de creacións artísticas alleas e como pauta de ordenación para as creacións propias.	13	10		X	
6	Sistemas de representación	Os sistemas de representación permítennos representar obxectos tridimensionales (de 3 dimensións) sobre un soporte de 2 dimensións (por exemplo un papel). E ademais permítenos traballar con eles espacialmente para tomar medidas, seccionalos, etc.	13	10		X	
7	A imaxe fixa. A fotografía.	O alumnado está plenamente familiarizado coa fotografía xa que está moi presente na súa vida. Pero devandito coñecemento previo ha de sistematizarse, de modo que coñeza os procedementos técnicos nos que se basea o medio e o tipo de linguaxe (tanto en sentido comunicativo como artístico) que emprega.	12	8			X
8	Animación tradicional.	Nesta unidade abordamos o coñecemento das técnicas de animación cinematográfica como alternativa ao cinema para o rexistro de imaxes. O mundo da animación cinematográfica ha evolucionado en paralelo á tecnoloxía, e produciuse unha revolución, fundamentalmente nos seus	12	8			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Animación tradicional.	métodos de produción. Pola estreita relación co mundo da imaxe, polo seu atractivo visual, así como polo complexo da súa tecnoloxía, o alumno debe coñecer tanto as modalidades de realización como o proceso de elaboración dunha animación cinematográfica.	12	8			X
9	O cine	Nesta unidade repásanse os elementos básicos da linguaxe cinematográfica que o alumno debe coñecer para poder construír narracións cinematográficas estruturadas. Os contidos relativos á construción de planos así como as estruturas de montaxe cinematográfica sentarán unha base teórica suficiente para que o alumno poida elaborar producións de vídeo con sentido argumental completo.	12	8			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidad transversal. Historia da arte	4

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, e describir as súas particularidades e o seu papel como transmisoras de conceptos, valores e convicións, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Ser quen de recoñecer minimamente os factores que condicionan as distintas producións plásticas así como a súa función desde unha perspectiva de xénero, con curiosidade e respecto.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do patrimonio galego a través do coñecemento de obras de arte e a súa conservación.		
CA1.3 - Analizar diversas producións artísticas e culturais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Analizar dun xeito sinxelo as producións propias e alleas desde unha mirada estética respectando a diversidade cultural.		
CA1.4 - Seleccionar e describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero, e incorporalas á súa cultura persoal e o seu imaxinario propio.	Coñecer diversas propostas plásticas significativas e analízalas para incorporalas ao imaxinario propio desde unha perspectiva de xénero.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Explicar a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Recoñecer, dun xeito básico, a pertenza dunha obra de arte a un contexto cultural e histórico concreto a través da análise da configuración formal e dos factores sociais que a condicionan.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os xéneros artísticos. - Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico. Particularidades do patrimonio artístico galego.

UD	Título da UD	Duración
2	A xeometría plana	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5.1. - Argumentar e recoñecer os aspectos formais das obras de arte e da natureza en relación ás formas xeométricas.	Saber recoñecer, analizar e argumentar sobre aspectos formais relacionados coa xeometría da nosa contorna.	TI	100
CA2.4.1. - Realizar proxectos gráficos axustándose a tarefa solicitada amosando iniciativa no emprego dos principios xeométricos.	Realizar tarefas prácticas e exercicios de xeometría partindo dos exemplos na natureza e na arte.		
CA1.5 - Argumentar a satisfacción producida pola recepción da arte en todas as súas formas e vertentes, compartindo con respecto impresións e emocións, e expresar a opinión persoal de forma aberta.		Baleiro	0
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes técnicas, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As formas xeométricas na arte e na contorna: xeometría na natureza, a arquitectura e o deseño de obxectos cotiáns. - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura.

UD	Título da UD	Duración
3	A percepción visual. Principios perceptivos.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	100
CA2.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA2.3 - Explicar, de forma razoada, a importancia do proceso que media entre a realidade, o imaxinario e a produción, superando estereotipos e amosando un comportamento respectuoso coa diversidade cultural.	Explicar o proceso de produción, superando estereotipos, cunha actitude respetuosa coa diversidade cultural.		
CA2.4 - Realizar un proxecto gráfico-plástico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A percepción visual. Introducción aos principios perceptivos, elementos e factores.

UD	Título da UD	Duración
4	Os elementos básicos gráfico-plásticos.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, minimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo centra capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Posibilidades expresivas e comunicativas dos elementos visuais: elementos básicos, forma, cor e textura. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - Factores e etapas do proceso creativo. Elección de materiais e técnicas, realización. O esbozo.

UD	Título da UD	Duración
5	A composición	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas, establecendo conexións entre elas, e incorporalas con creatividade nas producións propias.	Analizar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas, establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias.	TI	100
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar, mínimamente, as características das distintas técnicas e linguaxes artísticas, así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese.		
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Expresar minimamente ideas e sentimentos, a través da experimentación coas distintas técnicas, desenvolvendo certa capacidade de comunicación e reflexión crítica.		
CA3.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando una visión persoal.		
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Ser quen de realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, axustándose ao obxectivo proposto, amosando iniciativa no emprego da linguaxe, materiais, soportes e ferramentas gráfico-plásticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A composición. Conceptos de equilibrio, proporción e ritmo aplicados á organización de formas no plano e no espazo. - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

UD	Título da UD	Duración
6	Sistemas de representación	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Realizar un proxecto artístico, con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas de creación gráfico-plástica.	Realizar un proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade, experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.	TI	100
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber expoñer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal e, nun futuro, profesional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas. - O proceso creativo a través de operacións plásticas: manipular, reproducir, illar, transformar e asociar. - Introducción aos sistemas de representación. Sistema diédrico: vistas. O esbozo isométrico.

UD	Título da UD	Duración
7	A imaxe fixa. A fotografía.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar de xeito guiado diversas producións visuais e audiovisuais, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha ollada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Anallzar, de xeito guiado, as características principais dos distintos tipos de linguaxes das diferentes producións artísticas. establecendo conexións entre elas e incorporándoas as producións propias	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Diferenciar minimamente as características das distintas técnicas audiovisuais e ac suas inguaxes. así como os seus procedementos en relación ao resultado buscado, analizando o procedemento con interese		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Imaxes visuais e audiovisuais: lectura e análise.

UD	Título da UD	Duración
8	Animación tradicional.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha vision persoal.	TI	100
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gratico-plástico, con certa iniciativa e creatividade experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Reconecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude apera, e amosando interese por coñecer a sía importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber exponer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio, recoñecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posiblidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación.
- Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
9	O cine	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións audiovisuais propias, amosando unha visión persoal.	Saber utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias amosando unha visión persoal.	TI	100
CA4.4 - Realizar un proxecto audiovisual con creatividade e de xeito consciente, axustándose ao obxectivo proposto, experimentando con distintas técnicas visuais ou audiovisuais na xeración de mensaxes propias, e amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar un pequeno proxecto gráfico-plástico, con certa iniciativa e creatividade experimentando coas técnicas na xeración de mensaxes propias, axustándose ao solicitado.		
CA4.5 - Recoñecer os diferentes usos e as funcións das producións e das manifestacións visuais e audiovisuais, e argumentar de forma individual ou colectiva as súas conclusións acerca das oportunidades que poden xerar, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Recoñecer os diferentes usos que pode ter as producións audiovisuais e saber argumentar cun mínimo de reflexión sobre as posibilidades que poden xerar estas, cunha actitude aberta, e amosando interese por coñecer a súa importancia na nosa sociedade.		
CA4.6 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións audiovisuais, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, buscando as solucións e as estratexias máis adecuadas para melloralas, e valorando as oportunidades de desenvolvemento persoal que ofrecen.	Saber exponer, dun xeito sinxelo, o proceso de elaboración propio. reconecendo os erros e as posibilidades de mellora, valorando as posibilidades que a normalización ofrece de desenvolvemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imaxe en movemento. Características, orixe e evolución. O cine e a animación. - Técnicas básicas para a realización de producións audiovisuais sinxelas, de xeito individual ou en grupo. Experimentación en contornas virtuais de aprendizaxe.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Levarase a cabo unha metodoloxía constructivista, cooperativa e creativa servíndonos dunha Aprendizaxe Baseada en Proxectos no que de forma paralela ao desenvolvemento das clases realízase un proxecto que permita a integración de teoría, práctica e traballo cooperativo, reflectindo a aplicabilidade dos coñecementos das diferentes áreas, adquiridos a través da formación académica, e aplicando o que se obtén por medio da observación e a experiencia individual. O grupo está integrado no Plan Proxecta Doas de Si. No programa participan distintas materias: Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Inglés, Bioloxía e Física e Química.

Combínase e interrelaciona a impartición de Debuxo Artístico e Debuxo Técnico, de forma que se apliquen os coñecementos adquiridos en ambas as disciplinas para a consecución final dun traballo. Todo o proceso será guiado a través de unidades didácticas. Desta forma procédese á adquisición significativa de coñecemento, tanto conceptual como procedemental, a través de procesos persoais e grupais, partindo do nivel de desenvolvemento de cada alumno e alumna, procurando así a integración e o intercambio de opinións.

Coa metodoloxía empregada preténdese implicar activamente ao alumnado, potenciar a investigación, fomentar o sentido emprendedor e o traballo en equipo e propiciar a aprendizaxe significativa. Así comezamos con clases maxistras e técnicas de discusión, ademais de utilizar como recursos as novas tecnoloxías. Tamén se utilizan métodos de aprendizaxe por descubrimento, o que requirirá por parte do alumnado a posta en práctica de

capacidades como a observación, a formulación de problemas, a clasificación e interpretación de datos, a adquisición de conceptos e elaboración de conclusións.

Deste xeito o alumnado adquirirá destrezas investigadoras e desenvolverá a súa capacidade crítica e reflexiva.

Todas as unidades temáticas constan dunha parte teórica e unha parte práctica. No apartado teórico, poderanse realizar os diferentes exercicios na pizarra, acompañados dunha breve explicación e secuenciación dos mesmos e utilizarase o proxector especialmente naqueles que teñen especial dificultade na comprensión espacial. No apartado práctico tentarase que sexa un momento no que o alumno teña unha actitude activa e persoal con respecto ás tarefas propostas. Ante esta situación, o docente resolve posibles dúbidas, coordina o traballo en grupos, orienta a execución dos resultados e atende o traballo individualizado. En casa, o alumno completará as tarefas que non puido completar en clase, xa sexan diapositivas, exercicios ou resolución de problemas. Tras a presentación teórica da unidade utilizando como recurso as novas tecnoloxías, propoñeranse os obxectivos que se pretenden alcanzar, a tarefa que se vai a realizar, os criterios de avaliación e márcase a data de entrega do traballo. Realizaranse actividades de inicio (para valorar os coñecementos previos sobre a unidade), de desenvolvemento (a tarefa que realizan), de reforzo e ampliación.

-Aspectos xerais. Partir da competencia inicial do alumnado. Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe e potenciar as metodoloxías activas:

- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Aprendizaxe por proxectos.
- Estratexias metodolóxicas. Resolución de fichas, indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa...
- Elaboración de proxectos
- Secuenciación habitual de traballo na aula
- Motivación. Presentación da actividade co uso das TIC (páxina web, presentacións dixitais, vídeos...
- Información da profesora. Información básica para todo o alumnado, complementaria de reforzo e apoio e complementaria de ampliación.
- Traballo individual. Actividades pautadas, análises de imaxes, respostas e preguntas...
- Traballo cooperativo. Realización dun proxecto que conformará un proxecto final común para cada grupo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
- Lápices: 2H,HB.
-Lápices de cores
-Escuadra, cartabón, regra e compás
- Goma de borrar branca e flexible e sacapuntas.
- Outros materiais de debuxo artístico e cor que se solicitarán durante o curso.

O centro conta con dúas aulas de Educación Plástica e Visual, pero dada a súa capacidade e que en ocasións están ocupadas polo alumnado de bacharelato artístico, a maioría das clases impartiranse na aula ordinaria. Esta utilizarase como espazo de motivación (paredes como murais para a exposición de obras do propio alumnado), investigación (co uso de medios informáticos), debate e creatividade. Ademais, recorrerase a outras instalacións do centro para consulta e exposicións dos proxectos.

- Uso de Edixgal. O centro conta con Edixgal en todos os niveis de Educación Secundaria. Será o instrumento para levar a cabo unha aprendizaxe cooperativa, creativa e constructivista. Está vinculada ao proceso de análise, creación e investigación. Cal é a finalidade do seu uso?
- Organizar todo o material de estudo e estruturar as estratexias de Aprendizaxe.
- Aloxar as presentacións propias para o seguimento da materia.
- Vincular calquera ferramenta externa á aula nun único espazo: Youtube, Genially...

- Crear un banco de recursos con páxinas de interese para consultar, reforzar a materia, realizar actividades interactivas.
- Favorecer e xerar unha cultura no uso das TIC: coñecemento de recursos de especial interese para a materia ¿museos, portais educativos, enciclopedias...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante as tres primeiras semanas do inicio de curso, comprobaranse os coñecementos previos do alumnado do grupo mediante unha avaliación inicial que consistirá nunha proba, que só se terá en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso ensino-aprendizaxe á realidade do grupo e, en consecuencia, non afectará as cualificacións do alumnado. Terá como obxectivo a detección precoz de necesidades específicas de atención educativa de alumnado que puidese demandar unha atención máis personalizada, así como a identificación de alumnado con altas capacidades. Este procedemento serviralle ao docente para verificar coñecementos previos sobre o tema e establecer estratexias en profundidade; e para o alumnado, informarlle do seu grao de coñecementos iniciais. O resultado será compartido co profesorado na reunión de avaliación inicial, informando o titor/a de os resultados obtidos para que poida trasladalo ás familias, se o considera relevante. Naqueles casos nos que un/a alumno/a non alcance o nivel mínimo esperado que permita seguir con éxito os ensinamentos, se comunicará ao titor/a e en colaboración co departamento de orientación e a familia deseñárase un programa de traballo adaptado para tratar de corrixir as deficiencias que poidan xurdir. Non haberá nota numérica dado que non será unha nota que some ás demais do curso, senón unha referencia para a profesora do punto de partida e da evolución posterior do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	13	10	10	13	13	12	12	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

a) CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

A cualificación do alumnado en cada avaliación estableceráse segundo os seguintes criterios.:

- 20% Observación diaria. (ser puntual na entrega de traballos, traer o material¿)
- 80% Adquisición de coñecementos (traballos individuais ou en grupo, proxectos, cuestionarios...)

As cualificacións das distintas tarefas irán de 0 a 10. A nota final será o resultado da ponderación anteriormente descrita. Aprobárase aquel alumnado que teña unha nota igual ou superior a 5.

b) CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final será a media das tres avaliacións. Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

c) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos principais do proceso de avaliación da aprendizaxe nesta etapa contemplarán o seguimento individualizado do alumnado, a observación directa e sistemática, o portfolio e a rúbrica.

d) AUTOAVALIACIÓN, RETROALIMENTACIÓN E COEVALUACIÓN

O alumnado contará cunha táboa de indicadores (rúbricas) para a avaliación de cada exercicio, co que se facilita o entendemento dos mínimos que debe alcanzar e co que pode realizar a súa autoavaliación. Levarase a cabo a práctica da retroalimentación, de forma que as tarefas individuais e grupais serán devoltas con correccións e

comentarios por parte da profesora para fomentar no alumnado o espírito autocrítico e motivalo na mellora da súa tarefa. Será unha retroalimentación construtiva orientada ao progreso e perfeccionamento na aprendizaxe e unha retroalimentación apreciativa enfocada á motivación e ao recoñecemento. Tamén se realizará a coevaluación, de forma que nas exposicións orais os propios estudantes avalíen o traballo realizado polos seus compañeiros e compañeiras apoiados/as nunha folla de rúbricas para realizar unha avaliación obxectiva, crítica e construtiva.

Criterios de recuperación:

a) AO LONGO DO CURSO

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

b) RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia, poderá recuperala coa entrega das tarefas non presentadas ou suspensas. No caso de non presentar o traballo ou non alcanzar os obxectivos mínimos para aprobar a materia, poderá presentarse a unha proba final que englobará os conceptos e procedementos máis importantes do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente de cursos anteriores poderá recuperala ao longo do curso coa entrega das actividades propostas polo Departamento. No caso de que as tarefas sexan cualificadas positivamente, superará a materia. Pola contra, o/a estudante ten dereito a realizar unha proba de recuperación en xuño.

6. Medidas de atención á diversidade

O Departamento de Educación Plástica, Visual e Audiovisual propoñerá exercicios de acordo con os criterios do Departamento de Orientación que cumprirán os obxectivos e contidos establecidos, facéndoo máis simples ou máis complicados segundo os intereses e as necesidades. As medidas dirixidas a dar unha resposta educativa adaptada ao alumnado deben ter un carácter transitorio e revisable, facilitando a incorporación do alumnado ás actividades do seu grupo de clase, para así favorecer a integración social e o desenvolvemento das súas capacidades.

As medidas de atención á diversidade son as seguintes:

- Comunicación co/a alumno/a, fomentando as relacións persoais e a autoestima.
- Apoio e asesoramento individualizado. Reforzo educativo puntual.
- Optatividade na formulación das actividades.
- Adaptacións curriculares.
- Comunicación e colaboración coas familias.
- Adaptación das instalacións.
- Facilitar a avaliación individualizada que establece os obxectivos que o alumno debe alcanzar en función de criterios derivados da súa propia situación inicial.

Por tanto, ao avaliar, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Delimitación dos obxectivos específicos que poden avaliarse.
- Tipo e modo de recompilación de información.
- Formulario para xerar criterios e xuízos.
- Decisións ao redor de apreciación da diversidade das habilidades dos alumnos /as que integran o grupo que, por unha razón ou outra, presenta a realidade da aula.
- Intervirase, pois, para reducir os desequilibrios que se producen na formación do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X	X	X		X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X

	UD 9
ET.7 - Igualdade de xénero	X
ET.8 - Creatividade	X
ET.9 - Evitar os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X
ET.11 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X

Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos esenciais para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

